



ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnense o **Sábado día 14 de Novembro de 2020** vía telemática para trataren a seguinte

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Jose Ramón Castro Varela

Delegado A Coruña

D. Javier Méndez Alonso

Pte. Comité Salmónidos

D. Gabriel Fernández Vázquez

Delegado Ourense

Delegado Pontevedra

D. Ramón Souto Pérez

Tesoureiro

Subdelegado A Coruña

Pte. Comité Mar Rocha e Embarcación fondeada

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

ORDE DO DÍA

1. Informe do Presidente.
2. Tarxetas Federativas.
3. Orzamento 2021.
4. Certificacións da FGPeC.
5. Comité Autonómico de Pesca.
6. Canon da FGPeC 2021.
7. Inscripcións en competicións.
8. Póliza de Seguro.
9. Curso de xuíces.
10. Calendario Deportivo 2021.
11. Aulas escolares.
12. Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 16:00 horas do día sinalado no encabezamento.

1.- Informe do Presidente.

O Presidente informa aos membros da xunta directiva sobre a derradeira Asamblea coa Federación Española de Pesca e Casting vía telemática. Tamén informa da derradeira Asamblea coa Secretaría Xeral para o Deporte á que asisteu, vía telemática, D. Gabriel Fernández Vázquez na que informan que se consegue manter o Deporte Federado a marxe das restricións e na que se decide, por consenso das distintas federacións presentes na assemblea, a elaboración dun

modelo xenérico adaptado a cada deporte de certificado especificando hora, data e lugar de desprazamento para os deportistas que precisen desprazarse. Dito certificado estará a disposición dos Clubes para o seu uso.

A Secretaría Xeral para o Deporte felicitou a Federación Galega de Pesca pola celebración de competicións sen haber contaxios. A Federación Galega de Pesca apuntou que foi mérito dos Deportistas o cumprimento do protocolo establecido.

2.- Tarxetas Federativas.

O Presidente informa das conversas mantidas coa empresa adxudicataria do mantemento da web da Federación e da tramitación telemática de tarxetas federativas e a posibilidade de cambio de empresa. Valórase a posibilidade de eliminar a elaboración telemática de tarxetas federativas individuais xa que os federados, para as súas relación coa Federación, sempre deben facelo a través dos seus respectivos clubs e asociacións. Tras debate, queda aprobado por unanimidade dita eliminación e ser levada esta proposta á próxima Asamblea Xeral Ordinaria para a súa valoración.



3.- Orzamento 2021.

O Presidente presenta o orzamento para o vindeiro 2021.

4.- Certificacións da FGPeC.

O Presidente informa que debido á falta de regulación na solicitude de certificacións, achégase unha proposta de modelo e protocolo para a súa solicitude. Aprobados por unanimidade, serán levados a Asamblea Xeral Ordinaria para a súa valoración.

5.- Comité Autonómico de Pesca.

Os participantes no próximo Comité Autonómico de Pesca pola FGPeC serán:

Manuel Mouzo Méndez, Presidente da FGPeC

Ramón Souto Pérez, Representante da FGPeC por A Coruña

Manuel Rodríguez Meira, Representante da FGPeC por Lugo

Gabriel Fernández Vázquez, Representante da FGPeC por Ourense

Juan Manuel Castro Fuentes, Representante da FGPeC por Pontevedra

6.- Canon da FGPeC 2021

O Presidente propón unha redución do 50% na cota anual do 2021 debido ao excepcional da tempada 2020 a todos aqueles clubs e sociedades de pesca que pagaron o canon anual na presente tempada 2020. Isto non supón unha modificación da cota, tan só se trata dunha redución temporal por motivos excepcionais e por ilo someterase a valoración en Asamblea Xeral Ordinaria e non en Asamblea Xeral Extraordinaria.

7.- Inscripcións en competicións.

Para facilitar o traballo dos delegados nas inscricións en competicións, propónse impoñer aos clubs e sociedades de pesca o uso de modelos de inscrición. Aprobouse por unanimidade a proposta e será levada a valoración a Asamblea Xeral Ordinaria.

8.- Póliza de Seguro.

Tras estudar e valorar as condicións de novas ou alternativas pólizas de seguros, decídese manter a mesma póliza existente na mesma aseguradora.

9.- Curso de xuíces.

Preténdese realizar no vindeiro 2021 a falta de confirmación de datas.

10.- Calendario Deportivo 2021.

Estúdase a proposta de Calendario Deportivo 2021, incluíndo as competicións de Embarcación Fondeada. Actualmente non se dan as condicións para cumprir co protocolo COVID, non obstante, de darse as condicións nesas datas, tamén habería competicións nesta especialidade. Engádesse tamén un Open Salmónidos Lance Veteranos.

Dito calendario provisional quedaría da seguinte maneira:



Federación Galega de Pesca

Calendario Galego 2021

Federación Galega de Pesca

FEBREIRO			XULLO				
O	Spining	A Lanzada - O Grove	21	S	Salmónidos Lance 2º Día	Covas - Neira	3
MARZO				S	Salmónidos Mosca 2º Día	A Labrada - Lor	10
O	Salmónidos Mosca Lago Beira	Embalse da Fervenza (CO)	6	A	Embarc. Fonde. Xuventude	A Coruña	10
O	Salmónidos Lance Lago Beira	Embalse da Fervenza (CO)	6	A	Auga Doce Xuventude	A Rúa	10
O	Emb. Fondeada Dúos	A Coruña	13	A	Auga Doce 1º Día	A Rúa	10
P	Mar Costa Coruña- Lugo	Coroso - Agueira	13	A	Salmónidos Mosca Xuventude	A Veiga - Xares	17
P	Mar Costa Ourense- Pontevedra	Montalbo/Major	13	A	Salmónidos Lance Xuventude	A Veiga - Xares	17
ABRIL				A	Embarcación Fondeada	Pontevedra	24
O	Pesca dende Rocha	A Coruña	3	A	Auga doce 2º Día	Portomarín	31
O	Mar Costa Veteranos	Montalbo/Major	10	AGOSTO			
O	Corcheo Mar Dúos	Dique Barrié - A Coruña	17	S	Auga Doce 1º Día	Cachamuíña	7
O	Liga de Clubs Mar Costa	Coroso - Agueira	24	S	Embarcación Fondeada	Ribadeo	14
MAIO				S	Auga Doce 2º Día	Vilasouto	21
P	Salmónidos Lance Ourense	Ribadavia - Avia	1	O	Salmónidos Mosca Veteranos	Bora - Lárez	28
P	Salmónidos Lance Pontevedra	Cerdedo - Lárez	1	SETEMBRO			
P	Salmónidos Lance A Coruña	Verdes - Anllóns	2	O	Salmónidos Lance Veteranos	Pontemaceira - Tambre	4
P	Salmónidos Lance Lugo	Ronfe - Sarria	2	O	Salmónidos Lance Dúos	Xallas/Beba - Xallas	11
P	Salmónidos Mosca Lugo	Monforte - Cabe	8	O	Salmónidos Mosca Dúos	Ombre - Eume	18
P	Salmónidos Mosca A Coruña	Sta. Comba - Xallas	8	A	Corcheo Mar 2º Día	A Coruña	19
P	Salmónidos Mosca Ourense	Boborás - Viñao	9	A	Mar Costa	Montalbo/Major	25
P	Salmónidos Mosca Pontevedra	Forcarei	9	A	Mar Costa Xuventude	Montalbo/Major	25
O	Mar Costa Dúos	Fisterra - Laxe	15	O	Black Bass Xuventude	Castro de Miño	26
A	Corcheo Mar 1º Día	A Coruña	16	OUTUBRO			
A	Salmónidos Lance 1º Día	Ponteliñares - Liñares (PO)	22	S	Mar Costa 1º Día	Area - Covas	2
P	Embarcación Fondeada (CO)	Fisterra	29	A	Mar Costa Damas 1º Día	Area - Covas	2
P	Embarcación Fondeada (LU)	Ribadeo - Lugo	29	O	Blak Bass Absoluto	Portodemouros ou Belesar	3
P	Embarcación Fondeada (PO)	29	S	Mar Costa 2º Día	Fisterra - Laxe	23	
A	Salmónidos Mosca 1º Día	Aranga - Mandeo	29	A	Mar Costa Damas 2º Día	Fisterra - Laxe	23
XUÑO							
A	Salmónidos Mosca 2º Día	Ponteliñares - Limia - (OU)	6	P	Provincial		
A	Salmónidos Lance 2º Día	Barbantiño	12	A	Autonómico		
S	Salmónidos Mosca 1º Día	Taboada - Deza	19	S	Selectivo		
S	Salmónidos Lance 1º Día	Navia - Navia	26	O	Open		

11.- Aulas escolares.

O Presidente propón desenvolver para o vindeiro 2021 unhas aulas escolares en distintos colexios (dous por provincia), tanto en aula coma en treitos de río próximos aos centros educativos. O proxecto sería dirixido e executado por David Arcay Fernández. Tras valoración e debate por parte da Directiva, a proposta queda aprobada por unanimidade.

12.- Rogos e preguntas.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 17:40h.

Eu coma Secretario dou Fe.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:
Manuel Mouzo Méndez
Presidente